



Resumo en lectura fácil da obra de teatro

# MANUELA REY IS IN DA HOUSE

Fran Núñez é o escritor e o director desta obra de teatro

Esta obra de teatro está organizada polas seguintes entidades:

Teatro do Noroeste – Centro Dramático de Viana  
Centro Dramático Galego  
Teatro Nacional São João  
Teatro Nacional D. Maria II



## Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 5
Manuela Rey Is In Da House.....	páxina 6
As actrices e os actores.....	páxina 8
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 10
Como é o escenario?.....	páxina 12
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 13

## Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra, por exemplo, o nome das personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é **Manuela Rey Is In Da House.**



## O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro con 3 entidades de Portugal:

- Teatro do Noroeste – Centro Dramático de Viana
- Teatro Nacional de São João
- Teatro Nacional D. Maria II

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro. As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

## Manuela Rey Is In Da House

Manuela Rey Is In Da House é unha obra de teatro que fan persoas de Galicia e persoas de Portugal. Algunhas actrices e actores de obra falan en galego e algúns actores e actrices falan en portugués.

Manuela Rey Is In Da House é unha obra de teatro que presenta a vida de Manuela Rey. Manuela Rey é unha muller galega que foi unha actriz de teatro moi famosa en Portugal.

Manuela Rey emigrou a Portugal para traballar, igual que fixeron outros moitos galegos e galegas.

Esta obra de teatro quere poñer en valor a vida de Manuela Rey porque a súa vida estaba esquecida na historia do teatro. A vida de Manuela Rey estaba esquecida como a vida de moitas mulleres na historia dos seres humanos.

Esta obra de teatro tamén fala do traballo das actrices e actores. As actrices e actores da obra de teatro contan experiencias do seu traballo durante a obra de teatro.

A obra de teatro tamén fala do paso do tempo e sobre como inflúe o paso do tempo no traballo do teatro.



## As actrices e os actores



**XOSÉ LOIS ROMERO**



**PAULA BALLESTEROS**



**MARIANA CARBALLAL**



**NETO PORTELA**





**NUNO J. LOUREIRO**



**RAFAELA SÁ**



**RAQUEL CRESPO**



**TERESA VIEIRA**

## Que nos conta esta obra de teatro?

Esta obra de teatro conta a historia da vida de Manuela Rey. Manuela Rey era unha muller galega que foi unha actriz de teatro moi famosa en Portugal.

Manuela Rey naceu en Mondoñedo, na provincia de Lugo. Marchou do seu pobo cunha compañía de teatro cando era unha nena. A compañía de teatro facía obras de teatro en diferentes pobos de España e de Portugal.

A compañía de teatro desfíxose cando Manuela era unha moza e Manuela decide ir a traballar a Lisboa.

Manuela consegue ser a primeira actriz do Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa.

Manuela Rey participou como actriz en máis de 50 obras de teatro. Tamén escribía obras de teatro e textos sobre a súa vida e sobre a vida das mulleres. Ademais, loitou polos dereitos das actrices e dos actores.

Manuela Rey conseguiu ser unha actriz moi famosa pero enferma e morre aos 23 anos.



## Como é o escenario?

O escenario da obra de teatro cambia moi pouco.  
No escenario podes ver varias mesas.

As actrices e actores da obra utilizan estas mesas  
para representar diferentes partes de vida de Manuela Rey.



## Canto tempo dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura unha hora e 20 minutos.

Tes que estar no Salón Teatro antes de empezar a obra de teatro.  
Se a obra empezou, non podes entrar.

Tampouco podes volver a entrar no Salón Teatro  
se saes antes do fin da obra.

Os mércores, nas funcións descontraídas si podes saír e volver entrar.



### **Adaptación a lectura fácil:**

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por M.<sup>a</sup> Dolores Portela León  
FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena Inclusión Galicia  
Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva  
subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).


### **Validación da adaptación:**

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Logotipo europeo de lectura fácil na portada

© Inclusion Europe

Máis información en [www.inclusion-europe.org/etr](http://www.inclusion-europe.org/etr)



DESCARGA O PROGRAMA  
EN LECTURA FÁCIL

